

AL
E

SAN

TA

Festival de artes
performativas

TIA

FOR

MA

GO

2-6 SETEMBRO 2026

QUÉ É PLATAFORMA?

Plataforma. Festival de artes performativas naceu cun obxectivo: enriquecer e destacar a potencia cultural de Santiago de Compostela e toda a súa diversidade. Dende o seu nacemento en 2020, este obxectivo materializouse en cada edición, creando experiencias reais de comunicación entre o público e a cidade a través da arte. Cunha importante representación feminina e unha decidida aposta polo talento galego, Plataforma impúlsase ata a súa sétima edición, como un dos festivais de referencia da cidade e unha cita cultural imprescindible.

Plataforma. Festival de artes performativas é un festival especial, cunha natureza híbrida e atrevida. Nel conflúen diferentes propostas atravesadas pola idea da performatividade, que poderemos gozar entre o 2 e o 6 de setembro en distintos espazos culturais e nas rúas e prazas da cidade de Compostela.

As actuacións que acolle *Plataforma. Festival de artes performativas* queren achegar a performance a todos os públicos, e mostran accións que habitualmente non teñen espazo nas programacións estables das institucións culturais.

A performance é un espazo de creación aberta no que domina a interacción e a comunicación co público. A súa característica principal é a necesidade de estar presentes para experimental, o seu carácter é efémero e irrepetíbel. O que sucede no espazo-tempo da performance é unha experiencia artística que nunca volverá a ter lugar do mesmo xeito. Deste espírito provocador núntrense as diferentes propostas de artes vivas do festival. Plataforma será, durante uns días, punto de encontro de artistas, performers, músicos, actores, bailaríns, coreógrafos e público participante, nunha experiencia compartida e de vangarda chea de posibilidades estimulantes.

Plataforma converte a cidade de Santiago de Compostela nun escenario vivo, no que os propios habitantes, a súa diversidade e a súa rica contorna son protagonistas especiais, fomentando un espazo de igualdade e integración social e orientándose sempre á sustentabilidade das súas propostas en consonancia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030.

plataforma.gal



**2-4 DE SETEMBRO
DE 10.00 A 14.00 H**
Centro Sociocultural
Santa Marta

TALLER DE PERFORMANCE CON ANA GESTO

15 prazas

De balde previa inscrición en info@plataforma.gal

A artista Ana Gesto impartirá un taller centrado nas ferramentas fundamentais para o desenvolvemento da performance e a arte de acción. Este programa pedagóxico profundará nos parámetros esenciais que definen a formalización performativa: o tempo, o espazo e a presenza, abordando ademais a xestión conceptual dunha idea dende a súa orixe ata a súa plena materialización. A través dunha metodoloxía inmersiva, o taller invita os participantes a explorar os materiais e obxectos cotiáns no estreito diálogo coa contorna arquitectónica. Así mesmo, analizarase o contexto sociocultural do espazo público, prestando especial atención ao papel decisivo da sonoridade dentro da acción. En definitiva, este espazo de aprendizaxe proporcionará unha serie de recursos prácticos e reflexivos para que os asistentes poidan incorporar e expandir a linguaxe performativa no seu propio traballo persoal.



MÉRCORES, 2 DE SETEMBRO / 18.30 H
Sala Agustín Magán

Foto © Dominique Libert Danseurs

OLGA DE SOTO

Algo se cruza en las palabras al escavar bajo los pies (2026-2029)

Conferencia performativa. 50 min

O proxecto *Algo se cruza en las palabras al escavar bajo los pies (2026-2029)* [Algo crúzase nas palabras ao escavar baixo os pés (2026-2029)] é unha investigación e creación de longa duración. Tomando como punto de partida a historia da Maternidade de Elna, fundada no 1939 para protexer as mulleres españolas exiliadas, a obra explora a transmisión interxeracional da memoria en contextos de migración forzosa e a resistencia individual da Comunidade Valenciana, levada a cabo durante o *Velatori del albaet*, dedicada ás nenas e nenos falecidos e practicada de forma clandestina ata o século XX. Máis que unha peza fixa, o proxecto concíbese como un proceso evolutivo e multiforme, estruturado en varios capítulos que entretécen historia, coreografía e arquivo.



MÉRCORES, 2 DE SETEMBRO / 20.30 H
Observatorio Astronómico
Ramón María Aller

Foto © Christian Lutz

ÓSCAR GÓMEZ MATA E JUAN LORIENTE

Makers itinerantes

Teatro. 50 min

Makers itinerantes é unha adaptación da peza orixinal *Makers* concibida para espazos non convencionais, onde a contorna e as persoas que o habitan toman todo o protagonismo. A través dun enfoque poético e filosófico, a obra oscila entre o desbordamento cómico e a contención emocional, entre o disparate e a verdade, para reflexionar sobre a luz, o tempo e o amor. O propósito central deste dúo é o recoñecemento mutuo, ofrecendo unha mirada renovada sobre o cotiá e poñendo en valor a capacidade humana de crear e construír nestes tempos de incerteza.

*Peza realizada co apoio de Pro Helvetia - Fundación suíza para la cultura e Corodis - Commission Romande de Diffusion des Spectacles



XOVES, 3 DE SETEMBRO / 17.00 H
Fundación Eugenio Granell

MARÍA RUIDO

As regras do xogo

Conferencia performativa. 90 min

As regras do xogo é unha conversa-performance nunha soa toma entre a escritora e activista Brigitte Vasallo e a artista, cineasta e investigadora María Ruido. A peza aborda de maneira crítica a mobilidade social, a violencia institucional e a performatividade de clase. Nela, María Ruido reflexiona sobre como a mobilidade social non só consiste en gozar de diferentes condicións económicas e sociais senón tamén en asumir un certo número de normas que amputan a posibilidade de movemento interno, que cegan e cancelan algo que che pertence. Ao mesmo tempo a peza denuncia a apropiación elitista da produción artística como mera xeradora da plusvalía simbólica.



XOVES, 3 DE SETEMBRO / 20.00 H
Sede da SGAE

Foto © Carmen Verdú

LEONOR LEAL

El lenguaje de las líneas

Conferencia bailada. 50 min

Hai poucos textos escritos por bailaoras de flamenco. Hai poucos corpos que publicasen dende as súas imaxes, dende as dúbidas, os desexos, as viaxes ou o amor impreso nas coreografías e iso non significa que non existan. *El lenguaje de las líneas* desvela moitos destes detalles, de feito, o título orixinal provén dunha conferencia realizada pola gran bailaora Antonia Mercé, La Argentina (1890-1936) no Salon Santé-Beauté de París pouco antes de morrer. Liñas que nos conectan con ela e coa nosa propia aprendizaxe. Coa nosa memoria e cun mapa no ceo que nos segue guiando. Reactivamos e atravesamos nesta conferencia materiais propios e alleos nun formato de reescrituras coreográficas en aire e papel. Retais da historia do flamenco para conversar sobre os procesos de creación, filosofías persoais, anécdotas e cicatrices.



VENRES, 4 DE SETEMBRO / 17.00 H
Exteriores do Museo
do Pobo Galego

Foto © P. Souto

ISMAEL RAMOS

Medro, medro e non sei onde parar
Poesía performativa

Medro, medro e non sei onde parar é unha proposta que combina poesía, acción pública e memoria política. A peza transforma o espazo urbano nun lugar de encontro entre palabra e reivindicación colectiva. A través de panfletos poéticos, intervención gráfica e un recital performativo arredor do verso de María Mariño, a proposta recupera a forza da poesía como ferramenta de mobilización e resistencia. O proxecto dialoga coa tradición do activismo cultural galego para preguntarse polo papel da cidadanía nun presente marcado polo desencanto político e o avance do autoritarismo. Unha acción viva e colaborativa que entende a manifestación tamén como manifesto poético.



VENRES, 4 DE SETEMBRO / 19.00 H
Sala Agustín Magán

FÉLIX FERNÁNDEZ

Xavier a través de min
Proposta escénica. 55 min

Unha obra de marcado carácter autobiográfico e non documental a través da cal o creador rende homenaxe á figura do seu irmán Xavier, falecido hai máis dunha década, co trazo dun percorrido íntimo que busca recuperar e expoñer o seu legado inmaterial no presente. A peza articula unha linguaxe híbrida que entrelaza a danza, a voz, o texto, a instalación e o espazo sonoro, xerando unha experiencia visual case confesional. Mediante un dispositivo escénico fundamentado no analóxico e en obxectos activadores da memoria compartida, Fernández desprega unha celebración da vida que non elude a melancolía da perda. Desenvolvida co asesoramento coreográfico de Rut Balbís e o acompañamento terapéutico de Raquel Calvo, a obra explora mediante o corpo cuestións universais como a consciencia, o amor, o sublime e a procura da felicidade.



SÁBADO, 5 DE SETEMBRO / 11.30 H
Fundación DIDAC

TERE RECARENS E SHIMA

Baharestan Carpet
Performance. 120 min

Baharestan Carpet inspírase no modelo *Chaharbagh* (catro xardíns), orixinario do Imperio aqueménida, o primeiro imperio persa (século VI a.c.e). Divídese en catro partes mediante canais que conflúen nun estanque central. *Baharestan Carpet* (Alfombra de primavera) é de cartón, adáptase en cada lugar e momento. En Gropius Bau, Berlín, en colaboración con Farifteh Tavakoli-Borazjani, escribían co dedo na superficie. No festival Plataforma, Shima ensinaranos como escribir en persa a palabra que desexemos.



SÁBADO, 5 DE SETEMBRO / 16.30 H
Parque de Belvís

Foto © Rita G. Rivera

Un paseo polo parque ROTEIRO FOTOGRÁFICO PARA CRIANZAS

Actividade de balde con inscrición previa
en info@plataforma.gal
90 min

A partir da exposición *Hamartia* de Rita G. Rivera, a Fundación DIDAC colabora con Plataforma Festival de artes performativas proponendo un encontro creativo no que se convidará á cativada a usar a imaxinación. O taller aproximaraos á maneira de entender o mundo da artista, indagando na súa obra fotográfica e na comprensión desta como fonte de inspiración e creación.

Rita amósanos que os espazos están ligados ás emocións e que estas residen en todas partes. Consecuentemente propoñemos unha actividade que lles ensine a observar, a interpretar e a crear, sempre da man da evocación das emocións e os recordos.



SÁBADO, 5 DE SETEMBRO / 18.30 H
Parque de Bonaval


Foto © Rocío Cibes

SERGIO MAREY

Total nós xa estamos mortas

Performance. 40 min

A partir da investigación sobre a vida de Trinidad Falcés, *Total nós xa estamos mortas* articula un ritual performativo no que corpo, voz, arquivo e cera se converten en ferramentas para pensar a memoria trans. A peza conecta as violencias que marcaron o pasado coas que continúan atravesando as vidas trans na actualidade, cuestionando os mecanismos cos que construímos a memoria colectiva e os límites entre homenaxe, institucionalización e responsabilidade. A memoria revélase así como un espazo vivo de resistencia, pero tamén como un territorio en disputa.



SÁBADO, 5 DE SETEMBRO / 20.30 H
Teatro Principal


Foto © Virginia Rota

LUZ ARCAS / LA PHARMACO

Morphine. Nana para Emmy Hennings

Danza. 55 min

A obra *Morphine. Nana para Emmy Hennings* concíbese como unha sorte de cerimonia de paso cara a estados alterados como o sono, a tolemia e o éxtase. Inspirada na poesía da creadora dadaísta Emmy Hennings, a peza é unha mestura entre a revelación mística, a devoción e o sacrilexio. Articulada en torno ao concepto do "corpo último", a proposta explora as dinámicas do trazo e do animismo, afastándose da danza convencional para achegarse a un exercicio de "non-baile". No seu desenvolvemento escénico, entrelaza a súa memoria biográfica e familiar con elementos rituais andaluces e iconografía relixiosa popular mediterránea.



DOMINGO, 6 DE SETEMBRO / 12.00 H
Parque da Alameda
Estatua homenaxe
a Federico García Lorca

Foto © Susan Pérez

ÁLVARO MURILLO E ALEJANDRO VEGA


8 km en mula

Dirección escénica: Álvaro Murillo

Cante: Alejandro Vega

Danza. 25 min

O corpo utiliza o movemento para contar unha historia de amor maldito. Unha crónica danzada dos feitos, unha versión flamenca da historia. Unha crónica de sucesos, un feito real acontecido a noite do 22 de xullo de 1928 que serviu de inspiración a Lorca para a súa obra *Bodas de Sangre*. Un amor prohibido nunha sociedade que mantén as aparencias. Unha forza instintiva que tende cara a unión irracional, opoñéndose, sen buscalo, á convención social. O día da súa voda, unha noiva fuxe co seu amante. O noivo séguelos e o desenlace ten lugar. Paco Montes e Paquita Cañada percorreron 8 quilómetros sen poder chegar á alba. Nesta ocasión, a peza preséntase xunto ao cantaor Alejandro Vega, cuxa interpretación en directo achega unha nova dimensión escénica ao espectáculo, reforzando o diálogo entre baile, cante e memoria.



DOMINGO, 6 DE SETEMBRO / 12.30 H
Parque da Alameda
Estatua homenaxe
a Federico García Lorca

MOSTRA DE RESULTADOS DO TALLER DE PERFORMANCE DE ANA GESTO

Performance. 60 min

As persoas que asistan ao taller realizarán diversas performances nas rúas da cidade nas que amosarán o que aprenderon e traballaron coa artista Ana Gesto nos días previos.

Foto © Carmen Verdú



Foto © Blanca Razquin Urroz

iXa

Ollos cara adentro / Barruranzko Begiradak

Idea orixinal: Elena Castellanos
Asistencia creativa: Xián Martínez
Coreografía e interpretación: Elena Castellanos
e Xián Martínez
Danza. 15 min

“O espírito do home que soña está plenamente satisfeito co que soña. A arrogante incógnita da posibilidade deixa de formularse. Mata, voa máis rápido, ama cando queiras.” [André Breton, 1924]

Tomando como punto de partida o universo do onírico, *Ollos cara adentro* pretende indagar na concepción surrealista do soño; ese lugar onde os límites da lóxica, a razón, a conciencia e mesmo a convencións do gusto rómpense permitindo abrir unha porta entre o mundo interior e exterior de cada individuo.



Foto © Luis Carlos Molina

CORPO LIMINAL

Ábrego

Dirección: Alba González
Asistente de dirección: Ana Erdozain
Intérpretes: Ana Erdozain, Dácil González,
Alba González, Laura L. Muñoz, Fran Martínez
Música: 33 Hz (Ana Erdozain e Alba González)
Vestuario: Laccia
Danza. 20 min

Ábrego é un quinteto de danza contemporánea que explora a tensión entre a raíz e o vento como metáforas de aquilo que nos sostén e aquilo que nos transforma. A obra artículase como unha deriva de corpos e un ritual colectivo, no que o equilibrio se constrúe de maneira compartida, en diálogo constante entre o estable e o mutable. A través do movemento, a materia e o son, corpo e espazo transfórmanse progresivamente, invitando ao espectador a habitar o cambio dende a pel, o oído e a memoria.



Foto © Rocío Cibes

ENÉSIMA

Transparentar

Autoría: Bal Castro, Inés Santos
Dirección: Bal Castro, Inés Santos
Elenco: Bal Castro, Inés Santos
Escenografía: Enésima
Iluminación: Javier Castiñeira
Son: Babykatze, David Lois
Vestuario: Enésima
Música: Babykatze, David Lois
Danza-teatro. 50 min

Transparentar é un espectáculo de danza-teatro que reflexiona sobre a xeración de cristal: é realmente fráxil ou transparente? Creado por Bal Castro e Inés Santos, artistas da xeración Z, combina poética corporal cun ton irónico para cuestionar a identidade xeracional, o esgotamento e o papel do sistema. Aborda temas como a incerteza do futuro, o sufrimento colectivo e a saúde mental, e propón que esta xeración non só expresa a súa vulnerabilidade, senón que tamén fai visibles as carencias sociais. A peza crea un espazo de diálogo interxeracional e transita entre o artificial, a introspección e a liberación.



ESCANEA PARA
VISUALIZAR AS
LOCALIZACIÓNS
NO MAPA

LOCALIZACIÓNS

Casa das Máquinas
Centro Sociocultural Santa Marta
Fundación DIDAC
Fundación Eugenio Granell
Museo do Pobo Galego
Observatorio Astronómico Ramón María Aller
Parque de Belvís
Parque de Bonaval
Paseo da Alameda
Sala Agustín Magán
Sede da SGAE
Teatro Principal

ANA GESTO
OLGA DE SOTO
ÓSCAR GÓMEZ MATA E JUAN LORIENTE
MARÍA RUIDO
LEONOR LEAL
ISMAEL RAMOS
FÉLIX FERNÁNDEZ
TERE RECARENS E SHIMA
SERGIO MAREY
LUZ ARCAS / LA PHARMACO
ÁLVARO MURILLO E ALEJANDRO VEGA
iXa
CORPO LIMINAL
ENÉSIMA

Festival organizado pola cooperativa Performa co apoio de:



Apoios peza *Makers itinerantes*:



fundación suíza para la cultura
prohelvetia

Colaboran:

